



**DICCIONARIO
DO
ENTROIDO
EN
GALIZA**

Diccionario do Entroido

ANDROLLA: embutido típico do Entroido no interior de Galicia, que se fai coa tripa gorda do porco reenchida con costela, ósos e carne picada de porco, adubados con pemento, sal, allo e loureiro e curado ao fume.

BOTEIRO: personaxe do Entroido de Viana do Bolo que leva unha pesada máscara formada por unha carauta negra tallada en madeira cuns pequenos cornos, un gran sorriso e unha pantalla frontal colocada por riba da cabeza, feita con arame e cartón e adornada con figuras xeométricas, fitas e papeis de formas e cores variadas. Viste un pantalón vermello con flocos nos lados, camisa bordada e adornada con fitas de cores, faixa con picos e borlas, e un cinto con campaiñas. É a figura principal do folián. Tamén se dá en Vilariño de Conso, con algunhas diferenzas.

BOTELO: embutido típico do Entroido, xeralmente na Galicia interior, elaborado con carne do porco non moi graxa, ósos da soá, rabo e algo de costela, todo adubado con pemento e sal, e embuchado no estómago do porco ou nas tripas grosas, que logo se cura ao fume e ao aire.

CACHEIRA: cabeza de porco salgada e, frecuentemente, afumada. É un ingrediente habitual dos cocidos, sobre todo no Entroido. Tamén se lle chama cachola ou cachucha.

CARAUTA: obxecto con forma de cara, humana, animal ou fantástica, que se emprega para cubrir o rostro e non ser recoñecido. Tamén recibe os nomes de careta, caranta, carantoña ou máscara.

CHARRÚA: personaxe do Entroido de Allariz, que vai disfrazado de xeito estrafalario con roupa vella de moito colorido e carauta, que tradicionalmente ía pedindo viño e chourizos. Ten por misión enzoufar os zapatos da xente.

CHICOTES: especie de xiringas feitas con canas de sabugueiro e un émbolo de estopa, que se empregaban para lanzar auga o domingo corredeiro.

CHOCALLO ou **CHOCA:** especie de campá de diferentes tamaños que levan os animais penduradas do pescozo, e que adoitan formar parte do vestiario

Diccionario do Entroido

CHOQUEIRO ou **CHOCALLEIRO**: personaxe do Entroido propio do oriente da provincia de Ourense que, segundo os lugares, se denomina máis frecuentemente cigarrón ou peliqueiro.

CICLO DO ENTROIDO: período de tempo en que se celebra o Entroido, xeralmente ao longo do mes de febreiro ou inicios de marzo, e con diferente duración segundo os lugares. Partindo do de Xinzo de Limia, que é o que se considera o máis longo, as súas datas fundamentais, aínda que non se celebran todas en todos os lugares, son, por orde cronolóxica: Domingo Fareleiro, Domingo Oleiro, Xoves de Compadres, Domingo Corredoiro, Xoves de Comadres, Domingo de Entroido, Luns de Entroido, Martes de Entroido, Mércores de Cinza e Domingo de Piñata, dos que o domingo, o luns e o martes de Entroido se consideran os días grandes.

CIGARRÓN: personaxe do Entroido, tamén coñecido como peliqueiro, choqueiro ou chocalleiro, segundo os lugares, típico da zona de Verín e Laza.

É en Verín onde se tende a designar como cigarrón, que golpea a xente cun látego ou cun pau rematado nunha vexiga, levántalles as saias ás rapazas e obriga a quen captura a convidalo a viño.

É "intocable" por parte do público e mantén a súa identidade no anonimato. Viste camisa branca, gravata vermella, chaquetiña curta de seda con adornos dourados e panos de cores, faixa de seda sobre a que vai un cinto de coiro con cinco ou seis chocas de gran tamaño, calzón curto de seda con borlas de lá de variadas cores, ligas, medias brancas de fantasía e zapatos baixos e negros. Leva unha carauta feita de madeira cunha especie de mitra de latón na que están pintados distintos animais.

DOMINGO CORREDOIRO: domingo anterior ao de Entroido en que se celebraba a corrida do galo, que consistía en pendurar a ave dunha corda tendida para que os mozos lle arrincasen a cabeza.

DOMINGO DE ENTROIDO: domingo anterior ao Martes de Entroido, no que se come en abundancia, especialmente carne de porco, para dar paso á Coresma.

Diccionario do Entroido

DOMINGO DE PIÑATA: celebración especialmente urbana, que ten lugar o primeiro domingo de Coresma, en que se tenta romper unha piñata cun pau e cos ollos tapados.

DOMINGO FARELEIRO: día en que principia o ciclo do Entroido. Recibe o nome de domingo fareleiro, borralleiro ou das trapalladas, segundo os lugares, e dependendo do material co que se saia á rúa para enzoufar a xente: fariña, borralla, chicotes, betume, ovos podres, lama, feluxe e mesmo formigas.

DOMINGO OLEIRO: segundo domingo en que se practica o xogo das olas, no que os participantes, colocados en círculo, se van pasando recipientes de barro cheos de viño, auga ou fariña. Quen os deixe caer debe pagar unha rolda de viño ou unha merenda.

ENCONTROS: batallas verbais entre dous "exércitos" dirixidos por cadanseu xeneral, que se celebran na comarca da Ulla, nos concellos de Teo, Vedra, Boqueixón, A Estrada e Vila de Cruces, e mesmo nalgunha parroquia de concellos limítrofes de Padrón e Silleda. Parecen ter a súa orixe nos enfrontamentos armados que se deron na zona contra as tropas napoleónicas ou nas guerras carlistas. Os dous "exércitos" establecen un "combate" de coplas e regueifas nas que se satirizan os acontecementos máis destacados da actualidade. O encontro remata con "vivas" a determinados persoeiros, público e veciños, aos que se lles pide unha "colaboración" económica. Tamén se denominan altos, saltos, atranques ou arranques.

ENTREMESES: Pezas teatrais con texto ou sen el con clara intención satírico-burlesca e crítica.

ENTERRO DA SARDIÑA: acto que se celebra xeralmente o Mércores de Cinza, derradeiro día do Entroido. Constitúe unha parodia dun enterro católico, no que o "defunto" Entroido está representado por unha sardiña salgada. A comitiva encabézaa un devoto que leva un estandarte de folla de bacallau (en alusión á Coresma vindeira), e tras a caixa vai un crego rezando un

Diccionario do Entroido

responso cun sentido burlesco. As "carpideiras" choran e laméntanse polas liberdades perdidas e polo tempo de penitencia que comeza.

ENTROIDO ou **CARNAVAL**: festa que parece ter as súas orixes nas celebracións dionisiacas gregas, que logo pasaron a Roma coas bacanais, saturnais e lupercais. Posteriormente foron asimiladas polo cristianismo e pola Igrexa católica relacionouno coa chegada da Coresma. Así, Entroido significaría a 'entrada' a este período de abstinencia, co que implicaría unha despedida da "carne", e que abarcaría os tres días anteriores ao Mércores de Cinza, porta da vixilia, de onde toma o nome de carnaval, 'quitar a carne'. Sería, pois, un tempo de licenza, transgresión e liberdade plena, no que se permitirían facer cousas prohibidas o resto do ano, criticando e ridiculizando feitos da vida cotiá. De xeito popular nalgúns lugares tamén se denomina Antroido.

FELO: personaxe típico do Entroido de Allariz, Castro Caldelas e Celanova, que adoita ir en grupo ataviado cunha casaca negra con fitas de moitas cores, sobre a que vai cruzado un pano, pantalóns bombachos con franxa na liña da perna e polainas. A cabeza vai cuberta cun chapeu de ala, adornado de fitas e pequenos espellos.

FILLOAS ou **FREIXÓN**: doce típico do Entroido que se fai con ovos, leite ou auga, fariña e sal ou azucre, segundo as zonas. Nalgúns lugares tamén se lles engade sangue de porco. Este amoadado frítese nunha filloeira ou nunha tixola untada con touciño, formando unha capa moi fina. Cómense acompañadas de mel, azucre ou outros ingredientes. Unha variedade son as filloas da pedra, preparadas sobre unha laxe de pedra, que polo xeral son salgadas e en lugar de leite levan un caldo de carne ou auga.

FOLIÓN: grupo de veciños que percorre a aldea facendo un estrondoso balbordo coa axuda de instrumentos rudimentarios de percusión, como aixadas e bombos.

IRRIO: personaxe característico do Entroido de Castro Caldelas, ataviado con máscara de madeira e frac con grandes botóns e unha pelica, coa que persegue e golpea o público.

Diccionario do Entroido

LACÓN: pata dianteira do porco, salgada e posta a curar. O lacón con grelos é un dos pratos tradicionais do Entroido, xunto co cocido e toda a variedade de produtos que proveñen do porco: chourizos, cacheiras, androllas, botelos, etc.

MADAMAS e GALÁNS: personaxes típicos do Entroido, especialmente de Cangas e Vilaboa. Representan mulleres e homes extremadamente adobiados e sofisticados, con traxes cunha base branca adornados con colares e fitas de cores, e un sombreiro ou toucado moi rechamante con flores, plumas e abelorios. En Cotobade danse uns personaxes similares denominados madamas e madamitos.

MARAGATOS: Unhas máscaras que se ben dende un principio pretendían imitar os comerciantes da Maragatería que percorrían aldeas e vilas vendendo mercadorías chegaron máis tarde a representar distintos personaxes do Entroido. Vestidos ó xeito daqueles comerciantes pretendían incluso imitalos nos acenos e na fala castelá que empregaban.

MARTES DE ENTROIDO: día grande do Entroido, xunto co domingo e luns anteriores, nos que se fan as grandes esmorgas e enchentes, os desfiles e saídas de máscaras e os bailes de disfraces.

MÁSCARA: xenericamente, denomínase así o obxecto feito con diferentes materiais que representa unha cara humana, animal ou fantástica, que serve para ocultar o rostro. De forma específica, tamén se emprega para designar os personaxes do Entroido.

MECO: boneco que se queima o Mércores de Cinza nalgúns lugares de Galicia para pechar o Entroido.

MÉRCORES DE CINZA: primeiro día de Coresma no calendario católico, corenta e seis días antes da Pascua.

MORENA: vaca carnavalesca do Entroido de Laza, que ten unha cabeza de madeira con cornos e que vai cuberta cunha pel de carneiro negro.

Diccionario do Entroido

ORELLAS: doce tradicional do Entroido que se elabora cunha masa de fariña, ovos, azucre, manteiga, anís e limón e á que se lle dá forma de orella tras fritila en aceite.

OSO DE SALCEDO: personaxe do Entroido propio da parroquia de Salcedo, no concello da Pobra do Brollón. O disfrace está feito con peles de animais buscando a semellanza cun oso, que vai asustando a xente na compañía duns "criados".

PANTALLA: personaxe típico do Entroido de Xinzo de Limia, que leva máscara, capa de distintas cores, aínda que normalmente é vermella, camisa branca de felpa, polainas negras, calzón branco, faixa vermella e cinto de coiro do que penduran axóuxeres e campaiñas, que poden chegar a cincuenta e seis. A pantalla, que é propiamente o nome da máscara, está feita de cartón, papel de periódico, feltro, fariña e auga. Realízase nunha soa peza que inclúe a carauta e o gorro ou cucurucho, que presenta unha estrutura ríxida que se dobra de atrás cara a diante que remata na fronte e está adornado con motivos astrais e animais fabulosos. Ten cara de diaño con cornos e rostro burlón, cuns flocos que lle fan de barba.

PELIQUEIRO: personaxe do Entroido, tamén coñecido como cigarrón, choqueiro ou chocalleiro, segundo os lugares. É unha máscara típica de Laza, aínda que tamén se dá en Castro Caldelas. Os seus traxes teñen certas diferenzas segundo os lugares. Leva unha especie de látigo feito cun pau e unha pel atada no extremo. A máscara está feita de madeira cunha barba curta de pel negra. A carauta remata cunha especie de mitra de chapa en forma de semicircunferencia pintada con representacións de follas, flores, animais e formas xeométricas. A parte posterior desta mitra é de pel dun animal, e cae pola parte traseira cubrindo a cabeza e parte das costas do peliqueiro e leva dous rabos no seu remate. O resto do traxe está formado por unha camisa branca, gravata rechamante e chaqueta curta adornada con galóns e xarreteiras douradas, faixa de seda sobre a que vai un cinto de coiro do que penduran seis grandes chocas colocadas na parte traseira e que se fan soar ao moverse. Leva tamén un calzón curto de cores, con seis bandas de flocos arredor, alternando unha banda verde cunha vermella.

Diccionario do Entroido

O pantalón suxéitase con tirantes rechamantes. Leva medias de seda, ligas de veludo e zapatos negros con punta. Camiña a saltos para facer soar as chocas. Son “intocables” para a xente e non poden ser chamados polo seu nome real e, de seren descubertos, poden arremeter e atacar co pau. Non poden sacar a carauta nin deixar de saltar, pois se o fan poden ser collidos e levados á forza á taberna para pagar unha rolda de viños.

PIÑATA: recipiente de barro cheo de doces e lambetadas que se pendura alto mentres a xente, normalmente os rapaces, tenta rompelo cun pau e os ollos vendados.

SERMONS: Teñen as mesmas características e finalidade crítico-burlesca que os testamentos, pero os sermóns, teñen lugar durante a celebración do Enterro da Sardiña.

TESTAMENTOS: tamén coñecidos coma **BANDOS** e **APROPOSITOS**, son composicións literarias populares que encerran nos seus versos unha crítica mordaz con intención censora e correctiva dirixida a todas as autoridades civís e eclesiásticas e tamén os vecinos con feitos reprobados.

XENERAL: personaxe do Entroido da comarca da Ulla que vai dacabalo e viste un uniforme militar que lembra os da época napoleónica, con sombreiro e casaca coloridos adornados con medallas e fitas de cores. Van en grupo dirixindo un “exército” e establecen “combates verbais”, chamados encontros.

XOVES DE COMPADRES: primeiro xoves do Entroido, no que ten lugar unha simbólica guerra de sexos, na que as mozas fan uns bonecos ridículos con palla e trapos chamados compadres, que defenden dos mozos que tentan apoderarse deles para queimalos.

XOVES DE COMADRES: segundo xoves do Entroido, en que se inverte a loita celebrada o xoves de compadres, sendo os mozos os que protexen as comadres fronte ás mozas.



Para a elaboración deste dicionario do Entroido, usamos as seguintes fontes:

<http://www.xunta.es/linguagalega/entroido>

<http://www.carnaldeverin.com/>

NOTA:

Debido á enorme riqueza etnográfica e léxica de Galicia, as definicións que aquí se recollen teñen un carácter xenérico e poden presentar múltiples cambios ou variedades segundo os lugares.